

## BARREIROS

### *Anuncio*

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2011, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a execución da obra “Remodelación de Local social (Antiga Escola da Sociedade Fillos de San Miguel de Reinante)”, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: **Concello de Barreiros**

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

c) **Obtención de documentación e información:**

1. Dependencia: Oficinas Municipais

2. Domicilio: C/ Villa nº 63

3. Localidade e Código Postal: Barreiros / 27790

4. Teléfono: 982 21 40 02

5. Telefax: 982 12 41 10

6. Correo electrónico: administracion@concellodebarreiros.com

8. Data límite de obtención de documentación e información: QUINCE DÍAS HÁBILES dende o día seguinte o da publicación deste anuncio.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: **contrato de obras**

1. Domicilio: Local Social Antiga Escola da Sociedade Fillos de San Miguel de Reinante.

2. Localidade e Código Postal: Barreiros / 27790

b) Prazo: **dezaoto meses**

c) Tipo de licitación: 263.369,29 € mais 47.406,48 € de IVE.

d) **Outros criterios de adxudicación** incluídos no prego de cláusulas administrativas.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) **Procedemento: aberto**

4. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: **QUINCE DÍAS HÁBILES dende o día seguinte da publicación deste anuncio.**

b) Lugar de presentación: o indicado no apartado 1.

En Barreiros, a 15 de decembro de 2011. O alcalde.: Jose Alfonso Fuente Parga

R.5831

---

### *Anuncio*

Por Acordo Plenario de data de 25 de outubro de 2011, aprobouse inicialmente a modificación das ordenanzas reguladoras das taxas por prestación de servizos de subministro municipal de auga potable e por prestación do servizo de recollida domiciliar de lixo, e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro das modificacións para a súa entrada en vigor:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE:

Artigo 5º: TARIFAS:

Cota de enganche: 60 € (pago único).

Cota fixa: 5 €/bimestre.

Por consumo bimestral:

Hasta 22 m<sup>3</sup>: 9 €

Mais de 22 m<sup>3</sup>: 0,45 €/m<sup>3</sup>

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO:

Artigo 4º: TARIFAS:

-Vivenda unifamiliar: 9 €/bimestre

-Profesionais, bares, cafés, perruquerías e pequeno comercio en xeral: 15 €/bimestre

-Oficinas bancarias, almacéns, talleres, hoteis, restaurantes, supermercados, camping,...: 25 €/bimestre.”

En Barreiros, a 16 de decembro de 2011. O Alcalde.: D. Alfonso Fuente Parga

R.5832

---

### *Anuncio*

Por Acordo Plenario de data de 25 de outubro de 2011, aprobouse inicialmente a **Ordenanza fiscal reguladora das taxas urbanísticas do Concello de Barreiros**, e ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro da mesma para a súa entrada en vigor:

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS URBANÍSTICAS.**

##### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por actividades urbanísticas, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas suas normas atende ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1988.

##### **Artigo 2º.- Feito imposable.**

Constitúe o feito imposable desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, realizada para verificar si os actos de edificación e uso do suelo e subsuelo suxeitos a licenza municipal, están de acordo coas normas urbanísticas e de edificación que resulten de aplicación ó Concello de Barreiros.

##### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias da expedición dos documentos ós que se refire o artigo 2º anterior.

2.- Terán en todo caso a condición de substitutos do contribuínte os constructores ou contratistas de obras.

##### **Artigo 4º.- Responsables.**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

##### **Artigo 5º.- Cuota tributaria.**

A cuota tributaria será a seguinte dependendo do tipo de licenza de que se trate:

Para obras menores, segregacións e agrupacións: 60 €.

Para obras maiores: 120 €.

##### **Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.**

Non se concederán máis exencións e bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou derivadas de aplicacións de tratados internacionais.

**Artigo 8º.- Devengo.**

A presente taxa devengase coa concesión ou denegación da correspondente licenza urbanística por parte do órgano competente do Concello de Barreiros.

**Artigo 9º.- Xestión.**

Cando se resolva de forma definitiva sobre a licenza solicitada, practicarase a correspondente liquidación, que se notificará ao interesado para o pago nos prazos legalmente establecidos mediante ingresos bancario en todo caso.

**Artigo 10º.- Infraccións e sancións.**

No concerniente ás infraccións e sancións, rexirá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 11º.- Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

En Barreiros, a 16 de decembro de 2011. O Alcalde.: D. Alfonso Fuente Parga

R.5833

---

*Anuncio*

Por Acordo Plenario de data de 25 de outubro de 2011, aprobouse inicialmente a **Ordenanza fiscal reguladora das taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais**, e ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro da mesma para a súa entrada en vigor:

**“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Barreiros establece a Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 r) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

1. A utilización da rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excretas, augas negras, pluviais e residuais en beneficio dos predios situados no termo municipal, sendo obrigatorio que os seus desaugadoiros e as acometidas se verifiquen á rede xeral ou aos seus ramais, calquera que sexa o lugar en que se localicen.

2. A prestación do servizo de recepción obrigatoria, de depuración de augas residuais.

3. A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria da rede de sumidoiros particular, fosas sépticas e pozos negros.

4. En xeral, todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

**ARTIGO 3. OBRIGA DE CONTRIBUÍR.**

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, mediase ou non a pertinente autorización. Entenderase iniciada a actividade municipal:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida se o suxeito pasivo a formula expresamente e, noutro caso, dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros, sen prexuízo das sancións que procedan neste último suposto.

b) Nos servizos que se prestan por solicitude do interesado ou por causa deste, no momento en que se presenta a solicitude ou se provoca a prestación do servizo.

c) Na modalidade do art. 2.1, presumirase que a acometida á rede leva consigo a utilización do servizo.

d) As novas edificacións están suxeitas ao pagamento da taxa por acometida á rede, aínda cando xa se satisfíxese anteriormente polo edificio que anteriormente ocupaba o terreo.

#### **ARTIGO 4. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Respecto do servizo de rede de sumidoiros, depuración e de vixilancia e inspección da rede de sumidoiros particular, as persoas que aparezan como beneficiarios e usuarios deles, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do abono ao servizo de abastecemento de auga aos inmobles.

b) Nos servizos de acometida, o solicitante ou, de non mediar autorización, quen a realizase, e se fose descoñecido, o propietario do inmovible beneficiado.

c) En xeral, quen resulte beneficiado ou provoque a prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se concederán outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos en disposicións con rango de lei e os que resulten da aplicación de tratados internacionais.

#### **ARTIGO 6. BASE DE GRAVAME.**

A base do presente tributo virá determinada:

a) En canto ao servizo de rede de sumidoiros, depuración, vixilancia e inspección do que sexa particular, polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada polo servizo municipal de augas.

b) No servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos previstos nesta ordenanza, o suxeito pasivo aboará o custo do persoal e material utilizado para a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 7. TARIFAS.**

Aplicaranse as seguintes tarifas:

Cota de enganche: 60 € (pago único).

Cota fixa: 5 €/bimestre.

Por consumo bimestral a partir do 22 m<sup>3</sup>: 0,10 €/m<sup>3</sup>

#### **ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.**

1. A débeda tributaria derivada da taxa liquidarase por Padrón formado pola totalidade das pólizas subscritas en vigor durante o período de liquidación. A inclusión en Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.

2. O período de liquidación coincidirá co impositivo, que é bimestral, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo, carácter irreductible.

3. A recadación da taxa realizarase mediante recibo no que se poderá facer constar conxuntamente coas cotas a aboar polo mesmo usuario pola prestación deste servizo e os de recollida domiciliaria de lixo e suministro de auga potable, no seu caso.

4. A forma de pagamento será en efectivo, mediante domiciliación en entidade bancaria, e o prazo de pagamento en voluntaria da taxa será o aprobado ao tempo de aprobación do padrón, cunha duración mínima de dous meses.

5. O impago en período voluntario orixinará automaticamente o inicio do período executivo.

#### **ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2. Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

Os impresos correspondentes facilitaranse nas oficinas municipais.

3. Para os efectos de aplicación da tarifa 1, as altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de rede de sumidoiros e depuración.

Cando a alta, baixa ou variación do Padrón se deriva da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración.

4. Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido.

#### **ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

En materia de cualificación e sanción das infraccións estarase ao establecido na Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

En Barreiros, a 16 de decembro de 2011. O Alcalde.: D. Alfonso Fuente Parga

R.5834

---

#### *Anuncio*

Por Acordo Plenario de data de 25 de outubro de 2011, aprobouse inicialmente a modificación das ordenanzas reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro das modificacións para a súa entrada en vigor:

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

##### **Artigo 2º:**

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza urbana será de 0,8 por 100.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza rústica será de 0,6 por 100.

3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de características especiais será de 1,3 por 100.

##### **4.- Exencións:**

Por razóns de economía e eficiencia na xestión recadatoria do tributo, quedarán exentos da tributación do imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmóbles:

**URBANOS:** nos que a súa cota líquida sexa inferior a SEIS euros.

**RÚSTICOS:** no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a SEIS euros.”

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN S, INSTALACIÓN S E OBRAS:**

##### **Artigo 4º:**

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo coste real e efectivo da construción, instalación ou obras e enténdese por tal, a estos efectos, o custo de execución material de aquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será do 3 por 100.

4.- O imposto devengase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, inda cando non se tivera obtido a correspondente licenza.

##### **Artigo 5 .- Bonificacións:**